

A IDADE MEDIA

No S. V d.C coa caída do Imperio Romano dá comezo a Idade Media. Esta idade comprende dende o S.V ata o ano 1492 co descubrimento de América.

A caída do Imperio Romano é posible por dous factores: a debilidade de Roma, e o a fortaleza de 3 pobos xermanos, **os Francos, os Visigodos e os Suevos**.

Unha vez venceron aos romanos, cada pobo xermano situouse nunha zona de Europa:

Os Francos tomaron o oeste europeo.

Os Suevos ocuparon Galicia

Os Visigodos ocuparon a Península Ibérica. Para conquistar Galicia tiveron que vencer aos Suevos.

Na Península Ibérica os Musulmáns botaron aos Visigodos no S. VII.

A ALTA IDADE MEDIA

Comprende dende o S.V ata o S.XII

Os novos reis dominan grandes extensións de terras, polo que precisa de nobres para controlar todas as terras. De aí nacen as 4 clases sociais do momento:

- a) **Os nobres**: vivían en castelos e eran os encargados de controlar as terras do rei. Eses nobres comprometíanse a obedecer e defender ao rei cando fose necesario a cambio de dominar as terras. Nacen as aldeas.
- b) **O clero**: dedicábanse ás tarefas relixiosas e culturais. Tiñan terras ao redor da igrexa e do mosteiro.
- c) **Campesiños**: eran os encargados de traballar as terras dos nobres e do clero. Debían pagar impostos (moitas veces en forma de alimentos) por utilizar esas terras. Os campesiños non eran libres e non podían deixar unhas terras para ir traballar outras de outro nobre.

Este sistema de nobres, clero e campesiños chámase **FEUDALISMO**. As terras que tiñas os nobres eran denominadas **FEUDOS**, de aí o seu nome.

d) **Artesáns e mercadores**: dedicábanse a oficios artesanais (carpintería, alfarería, metalurxia...)



A BAIXA IDADE MEDIA

Comprende dende o S.XII ata 1492.

Neste período comeza a ter moita importancia a “**cidade**”. Construíanse cidades dentro de recintos amurallados como método de defensa. Esta idea collérona dos romanos.


Co aumento do comercio e da artesanía, tamén aumentaron as cidades.

Nace unha nova clase social, a burguesía: formada por artesáns e comerciantes que neste momento xa eran libres. As persoas que se dedicaban ao mesmo oficio agrupábanse en “**gremios**”, que se situaban todos xuntos nunha mesma zona da cidade.

Nas cidades comezaron a facerse mercados e feiras, dándolle máis poder á burguesía.

Neste momento tivo moita importancia o comercio marítimo (por mar)

No S. XIV houbo unha gran crise por varios anos de malas colleitas, e que se incrementou por motivo dunha epidemia, a peste, no ano 1347, que matou a milleiros de persoas. As cidades perderon moita poboación, e polo tanto, perderon moita man de obra.



CULTURA NA IDADE MEDIA

A cultura na Idade Media **está relacionada coa relixión**, xa que os monxes nos mosteiros, eran as persoas que estudiaban e traducían as obras literarias, científicas e relixiosas.

O libro por excelencia da Idade Media que inda se conserva na Catedral de Santiago é o **“Códice Calixtino”**, unha guía sobre o Camiño de Santiago e as tradicións e culturas relixiosas da época.



A lingua oficial en Europa era o latín, lingua que deixaron os romanos, pero que se foi modificando e dando lugar a linguas como castelán, francés, italianos...


Foi durante a Baixa Idade Media (S. XII), cando aparecen as Universidades. Gracias a estas Universidades temos novos coñecementos procedentes de Oriente, tales como mapas, cartas astronómicas, reloxos mecánicos...

A ARTE NA IDADE MEDIA

Na arte destacan dous estilos arquitectónicos: o Románico (S. XI – XII) e o Gótico (S. XII – XIV)

O Románico:

- O edificios máis destacados do románico son os mosteiros e igrexas. Estas construcións dábanse máis no medio rural. Estas edificacións son en pedra, con muros grosos de pouca altura e ventás pequenas. E moi característico deste estilo o arco de medio punto.



arco de medio punto



Igrexa románica

- A pintura e escultura era o medio para difundir a relixión, por iso a arte románica busca símbolo e imaxes comprensibles, pois a xente no sabía ler, e grazas a estas

imaxes podían entender a Biblia. A maior parte destas pinturas están nas paredes e nas bóvedas de igrexas e mosteiros.



Pintura románica explicando a Xesús e os 12 apóstolos

- A escultura céntrase en tallas relixiosas de madeira e pedra, explicando motivos relixiosos.



Pórtico da Gloria (Catedral de Santiago de Compostela)

O Gótico:

- Os edificios soen ser de uso NON relixioso e están nas cidades, como concellos e casas señoriais, universidades, hospitais... Tamén se fixeron grandes catedrais, con muros delgados de pedra e con grandes ventás de cores chamadas **“vidreiras”**. E moi característico deste estilo o arco oxival.




arco oxival



Catedral gótica




Universidade gótica



vidreira gótica

TIPOS DE ARCOS



ARCO DE MEDIO
PUNTO

ROMÁNICO



ARCO OJIVAL U
APUNTADO

GÓTICO

- A pintura destaca por facer cadros que expresan sentimento e movemento. Destacan os retablos.



cadro gótico (expresa sentimento)



Retablo gótico

- A escultura dedicábase sobre todo para decorar as fachadas dos grandes edificios, como catedrais e universidades.



Fachada catedral gótica

A IDADE MEDIA NA PENÍNSULA IBÉRICA

Despois da caída do Imperio Romano, na Península Ibérica os xermanos Visigodos dominaron o territorio, ata o S. VIII. Ata ese momento, o cristianismo e a relixión dominante, pero a partir do ano 711 os Musulmáns entran na Península Ibérica e rapidamente conquistan case toda a península (5 anos), chamándolle **“AL-ANDALUS”**. A súa capital era **Córdoba**. Deste período son os grandes monumentos como a “Alambra” de Granada e a “Mezquita” de Córdoba. O máximo representante chamábase **“EMIR”**.



Mezquita de Córdoba

Coa conquista dos Musulmáns a relixión da península pasou a ser a Islámica. Esta conquista comeza polo sur, e dese período quedou o nome da comunidade autónoma de **“Andalucía”**.



Interior Mezquita de Córdoba



Alambra de Granada



Patio dos Leões (Alambra)

Na parte norte da península quedaron uns pequenos pobos sen conquistar, nas montañas, ondese refuxiaron algúns cristiáns, e progresivamente foron formando reinos cristiáns. A primeira batalla ganada foi no ano 722, en Covadonga (Asturias), ao mando de Don Pelaio. Esa batalla deu nome ao proceso de **“RECONQUISTA”**.



D. Pelaio (Covadonga)

Dende aí pouco a pouco fóronse os seguintes reinos: **Reino de Astur – Leonés, Reino de Castela, Reino de Pamplona, Reino de Aragón, Condados Cataláns.**

O Reino de Portugal surxe no S. XII.



No ano 1212, na Batalla de Navas de Tolosa, xuntáronse os reinos de Castela, Navarra e Aragón e derrotaron ás tropas Musulmáns. Dende ese momento quedou so un pequeno pobo Musulmán na península, o Reino Musulmán de Granada, que será conquistado definitivamente no ano 1492.

